

TERMOS E CONDICIÓNS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A TRADUCIÓN Ó INGLÉS DE ARTIGOS DE INVESTIGACIÓN.

Obxectivo e prazos da convocatoria:

Financiar a mellora nas traducións ó inglés de artigos de investigación elaborados por enfermeiras, co fin de facilitar a publicación en revistas de ámbito internacional.

O prazo para a solicitude das axudas será dende o día seguinte á súa publicación na web do COE ata o 31 de Xaneiro de 2023.

1. Requisitos dos participantes:

As persoas que soliciten as presentes axudas deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Ser enfermeiro/a colexiado no COE de A Coruña.
2. Estar ó corrente de pago das cotas colexiais.
3. Ter realizada unha investigación e escrito o correspondente artigo para enviar a publicar nalgún xornal/revista indexada (JCR/SCOPUS) científico de ámbito internacional, en galego ou castelán, do cal deberá ser o primeiro ou último asinante. Opcionalmente, tamén se aceptarán artigos escritos en inglés que desexen someterse a revisión por un tradutor, previamente ó envío para a súa publicación.

Quedarán excluídas da convocatoria as solicitudes de persoas que:

1. Realicen máis dunha solicitude na mesma convocatoria.

2. Procedemento para a obtención das axudas:

1. A solicitude só se pode facer cando o borrador do artigo estea completamente rematado, incluíndo táboas, figuras e calquera clase de material suplementario, e listo para enviar a traducir ou revisar.

2. O alumno deberá cubrir o formulario de solicitude que se pode atopar na páxina web do COE, aportando os seguintes documentos:

1. Solicitude de axuda.
2. Borrador do artigo en formato PDF.
3. Solicitude de tradución do artigo a través do servizo de tradución do COE, especificando o tipo de servizo de tradución solicitado.

3. A documentación enviarase por correo electrónico ó COE de A Coruña (colegio@coecoruna.org) co asunto "Axudas para a tradución de artigos de investigación (ano da convocatoria)". O COE facilitará ao interesado o rexistro de entrada da solicitude, co que se identificará a mesma.

4. As solicitudes aceptaranse por orde de chegada. En caso de non cumprir algún dos requisitos dos participantes, faltar algún documento ou a sinatura dun dos autores, a solicitude será automaticamente excluída.

5. Unha vez confirmado que a solicitude cumpre cos requisitos da convocatoria, enviarase un primeiro correo electrónico coa confirmación da concesión da axuda e posteriormente, un certificado por vía postal.

4. Contía das axudas.

En total, concederanse un total de 5 axudas dun importe polo total do prezo da tradución, ata un máximo de 300 €. Se o importe total da tradución superase esta cantidade, o pago do restante correrá a cargo do solicitante. O abono da axuda realizarase unha vez recibida a factura correspondente por parte do tradutor, a nome do solicitante.

O COE informará a través da web, na sección de axudas á investigación, se a convocatoria está aberta (aínda ten orzamento) ou pechada (foi concedido todo o financiamento).

No caso de recibirse máis solicitudes que o total de axudas concedidas, poderanse conceder axudas extraordinarias, en caso de contar con financiamento, do cal se informaría na devandita sección da web do COE.